

Informe sobre o Índice de Producción Industrial

Periodo de referencia: xaneiro de 2025

Data de publicación: 07/03/2025

ÍNDICE

Principais resultados	2
Índice xeral e por destino económico dos bens	2
Índices por ramas de actividade	3
Índices por comunidades autónomas	3
Evolución do índice	4
Notas metodolóxicas	5
Anexo cadros	6

1. Principais resultados


- O Índice de produción industrial (IPI) rexistrou en xaneiro de 2025 unha caída do 3,6 % con respecto a xaneiro de 2024; en España diminuíu o 1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo aumentaron un 5,2 %, os bens intermedios diminuíron un 2,5 % e os bens de equipo reducíronse un 1,2 %. Pola súa parte, a enerxía retrocedeu un 12,8 %.
- Por ramas de actividade, as achegas positivas máis destacables corresponden a: *Confección de roupa de vestir* que achega 1 punto, *Industria da alimentación* que suma 0,7 puntos e *Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.* que achega 0,6 puntos á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: *Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado* que resta 3,2 puntos, *Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques* cunha repercusión de -1,3 puntos e *Fabricación de bebidas* que resta 0,6 puntos á taxa interanual.

Índice de produción industrial (IPI). Xaneiro de 2025

Táboa 1. Taxa de variación interanual

	Índice	Taxa interanual
Xeral	100,3	-3,6
Bens de consumo	103,8	5,2
Bens de equipo	100,1	-1,2
Bens intermedios	79,4	-2,5
Enerxía	120,1	-12,8

Achegas á taxa de variación interanual do índice xeral



2. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) rexistrou en xaneiro de 2025 unha caída do 3,6 % con respecto a xaneiro de 2024; en España diminuíu o 1%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 5,2 %, e achegan 1,1 % puntos á taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do -1,2 %, o que resta 0,3 % puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** diminúen un 2,5 %, cunha repercusión negativa de -0,5 % puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 12,8 % e resta -3,9 % puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Estes datos poden consultarse no cadro 1 do anexo.

3. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o descenso interanual do 3,6 % débese principalmente á achega negativa de 11 ramas.

As principais achegas negativas (-7 puntos) foron: *Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado* que resta 3,2 puntos, *Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques* que resta 1,3 puntos e *Fabricación de bebidas* que resta 0,6 puntos á taxa interanual.


As principais achegas positivas (3,4 puntos) foron: *Confección de roupa de vestir* que suma 1 punto, *Industria da alimentación* que suma 0,7 puntos e *Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.* que suma 0,6 puntos á taxa interanual.

4. Índices por comunidades autónomas

O IPI diminuíu en 9 comunidades autónomas neste mes de xaneiro. Os maiores incrementos rexistráronse en Illes Balears (7,8 %), La Rioja (5,4 %) e Murcia (3,6 %). Pola contra, os maiores descensos presentáronse en Cantabria (-12,8 %), Navarra (-8 %) e Comunitat Valenciana (-5,5 %).


IPI. Xaneiro de 2025

Taxas de variación interanual en %



5. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.

IPI. Taxas de variación interanual (%). Ciclo-tendencia


6. Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

7. Anexo cadros

Cadro1. Índice de produción industrial. Xaneiro de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Repercusión interanual
Xeral	100,3	-3,6	
Bens de consumo	103,8	5,2	1,1
Bens de equipo	100,1	-1,2	-0,3
Bens intermedios	79,4	-2,5	-0,5
Enerxía	120,1	-12,8	-3,9

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Repercusión interanual
Xeral	100,6	-1,0	
Bens de consumo	102,5	2,0	0,5
Bens de equipo	100,8	-7,1	-1,7
Bens intermedios	93,6	0,3	0,1
Enerxía	110,3	0,5	0,1

Fonte: INE

Cadro2. IPI por ramas de actividade. Galicia. Xaneiro de 2025

Ramas	Taxa interanual (%)	Repercusión interanual	Ponderación
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-12,3	-3,2	19,4
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-9,0	-1,3	13,3
Fabricación de bebidas	-11,6	-0,6	3,8
Outras industrias extractivas	-26,5	-0,4	1,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-10,8	-0,3	3,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	-10,2	-0,3	5,1
Industria téxtil	-36,4	-0,2	0,8
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-16,2	-0,1	1,0
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-1,1	-0,1	4,8
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	0,1	0,0	4,6
Industria química	1,0	0,0	1,9
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	9,3	0,0	0,8
Fabricación de mobles	3,4	0,0	1,3
Industria do papel	6,7	0,1	1,2
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1,1	0,1	8,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	59,4	0,1	0,5
Outras industrias manufactureiras	12,8	0,1	0,7
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	12,7	0,2	2,3
Fabricación doutro material de transporte	15,8	0,3	1,9
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	24,8	0,6	2,8
Industria da alimentación	4,9	0,7	14,9
Confección de roupa de vestir	65,1	1,0	1,8

Fonte: INE

Nota: non se amosan na táboa os datos das ramas de Industria do coiro e do calzado, Coquerías e refinación de petróleo, Fabricación de produtos farmacéuticos e Captación, depuración e distribución de auga por estar afectados por un alto erro de mostraxe, ao dispoñer de poucas observacións mostrais

Cadro3. IPI por Comunidades Autónomas. Galicia. Xaneiro de 2025

CCAA	Índice	Taxa interanual (%)
Cantabria	87,64	-12,8
Navarra, Comunidad Foral de	95,24	-8,0
Comunitat Valenciana	91,15	-5,5
Galicia	100,35	-3,6
Extremadura	103,38	-3,2
País Vasco	97,60	-2,8
Cataluña	103,14	-1,3
España	100,64	-1,0
Canarias	108,96	-0,6
Madrid, Comunidad de	106,04	-0,2
Castilla y León	105,46	0,2
Andalucía	99,67	2,9
Aragón	108,94	3,1
Asturias, Principado de	95,43	3,4
Castilla - La Mancha	104,51	3,5
Murcia, Región de	96,46	3,6
Rioja, La	99,26	5,4
Balears, Illes	97,29	7,8

Fonte: INE